

EXTRACTOS DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 22 DE XANEIRO DE 2018.

Alcalde-Presidente:
D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:
D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.
D^a. TERESA VARELA FISTEUS.
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.
D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:
D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:
D^a. EVA MARÍA CASAL SANJURJO.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 3/2018 DE DATA 15 DE XANEIRO DE 2018.

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 3/2018 do día 15 de xaneiro de 2018.

2.- EXPEDIENTE 4796/2017. LICENZA URBANÍSTICA DE OBRAS MAIORES.

Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para instalación de explotación de porcino, na parcela con referencia catastral

36024A046001920000AK, sita en Meixomín–Muimenta-Lalín.

3.- EXPEDIENTE 184/2018. INFORME OU CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA.

Acordouse aprobar o informe urbanístico de data 15 de xaneiro de 2018 en relativo á vivenda sita en Cercio, 85–Lalín.

4.- EXPEDIENTE 5973/2017. INFORME OU CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA.

Acordouse aprobar o informe urbanístico de data 8 de xaneiro de 2018 relativo a á vivenda con referencia catastral 2283944NH718S0000E, sita en Costoia, parroquia de Vilanova–Lalín.

5.- EXPEDIENTE 29/2018. SELECCIÓN DE PERSOAL E PROVISIÓN DE POSTOS.

Acordouse a probar o NOMEAMENTO como auxiliar administrativa, adscrita á Secretaría Xeral Municipal, dependencias da Secretaría Xeral, en réxime de funcionaria interina, por exceso ou acumulación de tarefas, *de conformidade co artigo 10.1. d), do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público [BOE núm. 261, do 31/10/2015]* e segundo o disposto nas bases de selección, da seguinte aspirante, por orde de puntuación na lista da Bolsa de Traballo.

6.- EXPEDIENTE 2362/2017. APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA "ADQUISICIÓN DE MATERIAIS PARA REPARACION DE PISTAS NO TERMO MUNICIPAL DE LALÍN". PLAN CONCELLOS 2017. LIÑA 2.

Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos da actuación denominada “ADQUISICIÓN DE MATERIAIS PARA REPARACIÓN DE PISTAS NO TERMO MUNICIPAL DE LALÍN” por importe de 26.235,92 euros.

7.- EXPEDIENTE 204/2018. APROBACION BASES MELLORAS OFERTADAS POLA EMPRESA ADXUDICATARIA DOS SERVIZOS DE ATENCION DOMICILIARIA DO CONCELLO DE LALÍN.

Acordouse aprobar o texto das BASES REGULADORAS DAS MELLORAS OFERTADAS POLA EMPRESA ADXUDICATARIA DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN DOMICILIARIA DO CONCELLO DE LALÍN.

8.- EXPEDIENTE 155/2018. SUBVENCIÓN SOLICITADA A OUTRA ADMINISTRACIÓN.

Dáse da resolución favorable da Consellería de Sanidade na que se nos comunica a concesión dunha subvención por importe de 49.621,81€ (Exp. 3692/2017).

9.- EXPEDIENTE 5630/2017. PROPOSTA APROBACIÓN CONVENIO GALA "OS TONECHOS".

Quedo pendente para un mellor estudo.

10.- EXPEDIENTE 268/2018. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (MEDIO AMBIENTE).

Acordouse aprobar a solicitude presentada por unha empresa de renovación da autorización de verquidos.

11.- EXPEDIENTE 271/2018. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (MEDIO AMBIENTE).

Acordouse renovar a licenza administrativa municipal para posuír animais potencialmente perigosos, para o can de nome NANO con microficha nº: 981098102711549 de raza Stafforshire Bull Terrier que foi concedida en Xunta de Goberno do Concello de Lalín de data 14 de febreiro de 2011, co nº 28.Lalín, a 17 de xaneiro de 2018.

12.- EXPEDIENTE 256/2018. SOLICITUDE DE

**AUTORIZACIÓN PARA CORTE DA RÚA B PARA
CONCENTRACIÓN DE VEHÍCULOS DA BMW.**

Quedou pendente para un mellor estudo.

**13.- EXPEDIENTE 257/2018. SOLICITUDE DE
AUTORIZACIÓN PARA USO DE LOCAL MUNICIPAL PARA
XXVIIIª XUNTANZA DE PEÑAS BARCELONISTAS DE
GALICIA.**

Acordouse conceder autorización municipal para o uso dun local municipal para unha reunión que terá lugar o sábado 27 de xuño de 2018 a partires das 16:00 horas e ata as 19:00 horas, con motivo da organización da XXVIIIª Xuntanza de Peñas Barcelonistas de Galicia.

**14.- EXPEDIENTE 258/2018. SOLICITUDE DE
AUTORIZACIÓN PARA O USO DO AUDITORIO MUNICIPAL E
PARA INSTALACIÓN DUNHA CARPA NA PRAZA DA IGREXA.**

Acordouse conceder autorización municipal para o uso das seguintes instalacións municipais:

- Sábado 9 de xuño de 2018. Auditorio Municipal a partir das 18:00 horas a fin de celebrar unha charla coloquio, na que estarán presentes representantes do F.C. Barcelona, ex xugadores do clube e medios de comunicación gallegos e cataláns.

- Domingo 10 de xuño de 2018. Praza da Igrexa dende as 9 da mañá ata as 12 horas, a fin de instalar unha pequena carpa destinada á entrega das acreditacións ás distintas peñas asistentes.

A continuación desenvolverase un desfile dende a Praza da Igrexa ata o Concello de Lalín a fin de ter unha recepción por parte das autoridades municipais.

Así mesmo, solicítase a cesión do Auditorio Municipal para a celebración dunha Gala das Peñas Barcelonistas na que haberá distintas actuacións musicais e entrega de premios e obsequios. Na mesma estarán representantes do C.F. Barcelona, ex xugadores do clube e medios de comunicación gallegos e calatáns.

15.- EXPEDIENTE 259/2018. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA O USO DA PRAZA DA IGREXA PARA UNHA CONCENTRACIÓN DE COCHES GRUPO AUDI SPORT GALICIA.

Acordouse conceder autorización para o uso da Praza da Igrexa para unha concentración de coches do Grupo Audi Sport Galicia, na actividade IIº COCIDO AUDI SPORT GALICIA, concentración de vehículos da marca Audi o vindeiro 25 de febreiro de 2018.

16.- EXPEDIENTE 93/2018. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA LEVAR A CABO O STAR DANCE GALICIA/18 EN LALÍN.

Acordouse para o uso do pavillón municipal para aloxamento en sacos de dormir dende o 13 de abril ata o 15 de abril pola mañá e as salas con espellos dispoñibles no Pabellón e Lalín Arena para os Workshops e Así mesmo o Auditorio Municipal con tódolos recursos de iluminación que teñan e as instalacións cercanas para a utilización como camerinos os días 13, 14 e 15 de abril de 2018, a actuación na rúa o sábado día 14 e a colaboración de persoal de limpeza e colaboración de protección civil.

17.- EXPEDIENTE 3812/2017. CORRECCIÓN DE ERROS EXPEDIENTE 3812/2017. XUSTIFICACIÓN CONVENIO VACACIONES EN PAZ.

Acordouse corrixir o erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 26 de decembro de 2017, no punto 7.- EXPEDIENTE 3812/2017. XUSTIFICACIÓN CONVENIO VACACIONES EN PAZ.

18.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 263/2018. RELACIÓN DE FACTURAS A XUNTA DE GOBERNO-RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL Nº 1/2018.

Acordouse proceder a recoñecer extraxudicialmente as facturas e documentos xustificativos do recoñecemento da obriga que forman parte do expediente, por un importe total de 187.147,68 €.

19.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 254/2018. RELACIÓN DE FACTURAS.

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00002 por importe de 20.941,60 €.

20.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2384/2017. APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA "OBRADOIROS DE ROBÓTICA PARA NENOS E NENAS". PLAN CONCELLOS 2017. LIÑA 2.

Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos da actuación denominada “OBRADOIROS DE ROBÓTICA PARA NENOS E NENAS” por importe de 3.267,00 euros.

21.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5165/2017. CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.

Acordouse Desestimar na súa totalidade as alegacións presentadas con data 23/11/17 (registro n. 2017-E-RE-460) e acordar A INEFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para execución de cerramento frontal de parcela, con portalón para vehículos e porta peonil, na rúa Cidade Xardín–Lalín (exp. 5165/20107).

22.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 306/2018. CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR CONCORRENCIA COMPETITIVA.

Acordouse aprobar as Bases reguladoras da CONCESIÓN DE

PREMIOS DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2018 do Concello de Lalín.

23.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 261/2018. LICENZA DE OBRA.

Acordouse aprobar a RECTIFICACIÓN DE ERROS EXPTE. Nº exp. 261/2018 – Antecedente exp. 8205/16.

24.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4138/2017. CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.

Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para conservación e mantemento da cuberta dun edificio existente na travesía da Ponte - Lalín.

25.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3937/2017. LICENZA DE SEGREGACIÓN.

Acordouse CONCEDER LICENZA DE SEGREGACIÓN para reorganización das parcelas rústicas coñecidas como “Casa, Eira e Nabal da Casa” e “Zapateiro” sitas no lugar de Mato, parroquia de Méixome - Lalín.

26.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 253/2018. PROCEDEMENTO XENÉRICO.

Acordouse autorizar e comprometer un gasto total por importe de 12.050 € (IVE incluído), conforme aos presupostos que se achegan a esta proposta, imputable á aplicación orzamentaria 338.226.09 do presuposto municipal vixente para a realización do Cocido Miúdo segundo o presuposto remitido pola citada empresa, por importe de 12.050 € (IVE incluído) con suxeición ó réxime dos contratos menores.

27.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE EXPEDIENTE 248/2018. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (EMPREGO).

Acordouse recoñecer a suba salarial dos alumnos/as-traballadores/as participantes no Obradoiro de Emprego “RIVERO SOCIAL LALÍN II”.

28.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 166/2018. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (POLICIA).

Acordouse aprobar a instalación dun posto para a venda de pulpo na rúa Pintor Laxeiro.

29.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5970/2017. AIS CONCELLO.

Acordouse aprobar a concesión de Axuda de Inclusión Social para sufragar os gastos causados por actuacións e vinculados ó itinerario de inserción por importe de 250 euros.

30.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 340/2018. CONVENIO COA UNED DE OURENSE PARA PRACTICAS DE ALUMNOS.

Acordouse aprobar o CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA E O CONCELLO DE LALÍN.

31.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 521/2017. SOLICITUDE DE SUBVENCIONS PARA ENTIDADES LOCALES (TURISMO).

Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos da actuación denominada “ELABORACIÓN E INSTALACIÓN DE PANEIS PROMOCIONAIS DO TURISMO NA VILA DE LALÍN” por importe de 3.997,84 euros.

32.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 313/2018. PROPOSTA DE GASTO.

Acordouse realizar un contrato de servizo para levar a cabo a realización do programa de radio *GALICIA POR DIANTE* dentro do réxime de contratos menores, e segundo o orzamento remitido.

33.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3943/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Acordouse a BAIXA por pasamento no Servizo de axuda no fogar no marco do Sistema para a Autonomía persoal e a Atención á Dependencia (SAAD) para unha persoa beneficiaria.

34.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 365/2018. PROCEDEMENTO XENÉRICO.

Acordouse denegar e rexeitar a petición formulada para colocar unha barra diante do Casino para o domingo 4 de febreiro de 2018 de 2 x 3 metros barra que mide 2 m. en horario de 12:00 horas a 20:00 horas.

35.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 366/2018. PROCEDEMENTO XENÉRICO.

Acordouse conceder autorización municipal para o corte ó tráfico da rúa Matematico Rodríguez dende o entronque coa rúa Colón ata a Fonte dos Cabalos os días 26 de xaneiro de 2018 dende as 10:00 horas ás 14:00 horas e o día 27 de xaneiro de 2018 dende as 9:00 horas ás 16:00 horas con motivo da celebración dun concerto na rúa a altura da praza das pipas.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as **20:05** horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.